

TEMA 1. O SÉCULO XVIII. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME

I.- O ANTIGO RÉXIME. DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS

Defínese o Antigo Réxime como un sistema social, económico e político que caracteriza á etapa inmediatamente anterior á Revolución Francesa e á revolución industrial. As sociedades do A.R. fundamentábanse sobre tres piares: unha economía de base agraria, unha sociedade estamental e unha monarquía absoluta.

1.1. UNHA ECONOMÍA DE BASE AGRARIA

As sociedades preindustriais eran fundamentalmente agrarias e un trazo común a todas elas era que se trataba dunha **agricultura de subsistencia**, dedicada ao policultivo basicamente do cereal. Non había ningún tipo de especialización e o comercio era escaso (autoconsumo).

A produción gandeira era tamén insuficiente, xa que a agricultura non producía os alimentos necesarios para aumentar a cabana gandeira. As colleitas marcaban o ritmo da economía, que se vía periodicamente afectada polas chamadas **crises de subsistencia**, que eran o resultado de fortes e grandes fames, provocadas xeralmente por unha serie de malas colleitas, e de enfermidades de carácter epidémico, que se difundían con facilidade entre unha poboación mal alimentada. O resultado era unha mortalidade catastrófica. Crise de subsistencia: malas colleitas---carestía---fame---peste---mortalidade catastrófica. Estas crises a miúdo desembocaban en protestas como as denominadas **revoltas do pan**.

Durante o Antigo Réxime, a maioría das terras estaban vinculadas a un título nobiliario, á Igrexa, a un concello ou á Coroa. A propiedade vinculada permitíalle ao seu titular tirar proveito económico e exercer xurisdición sobre ela, pero non se podía vender.

O conxunto de terras en mans dun señor (nobre ou eclesiástico) recibía o nome de **señorío territorial**. En virtude do seu dominio sobre a terra, os señores recibían unha serie de **dereitos** chamados **señoriais**. Estes dereitos proviñan, en primeiro lugar, da explotación económica das súas propiedades: os campesiños debían realizar unha serie de traballos (prestacións persoais) na terra do señor, e tamén entregar un tanto por cento da colleita das terras que traballaban. Ademais, o señor esixíalles unhas taxas pola utilización dos monopolios señoriais (muíño, forxa, forno) e a explotación dos montes e dos ríos do seu señorío. Pero o señor gozaba tamén de **dereitos xurisdiccionais**, é dicir, exercía xurisdición no seu territorio.

Aparte dos tributos que os campesiños lle debían aos señores, hai que engadir os que mantiñan coa Igrexa, dos que o máis gravoso era o **décimo**, que consistía na obriga que tiñan os campesiños de entregarlle a décima parte da colleita á Igrexa para asegurar o mantemento do clero e do culto, e por último, toda unha serie de tributos ao Estado, dos que estaban exentos os grupos

privilexiados.

A incapacidade da agricultura para aumentar a súa produción implicaba o estancamento da poboación. Así, a demografía do Antigo Réxime correspóndese co chamado **ciclo demográfico antigo**, que se mantivo ata os inicios da industrialización e que se caracterizaba por un escaso ou case nulo crecemento demográfico.

Unha boa parte de todo o necesario para o consumo cotiá produciase no ámbito familiar (a familia encargábase tanto de traballar a terra como de elaborar os produtos de consumo doméstico).

Nas cidades existía unha produción artesá, de orixe medieval, controlada polos **gremios** (agrupacións de artesáns da mesma profesión, que controlaban o volume de produción, as técnicas empregadas e os prezos de venda). O aumento progresivo da demanda de produtos estimulou aos comerciantes e a algúns artesáns a buscaren novos sistemas produtivos para fuxir do control gremial, que dificultaba o aumento da produción e non permitía unha marxe ampla de beneficios. Con este obxectivo, comezou a estenderse o **traballo doméstico**, que consistía en que un artesán-comerciante distribuía a materia prima e facilitaba os instrumentos de traballo a unha familia campesiña para que elaborase os produtos no seu propio domicilio. Despois, o comerciante, que normalmente pagaba por peza elaborada, encargábase de comercializar o produto nos mercados.

Durante o século XVIII difundíuse outro modelo de produción industrial: as denominadas **manufacturas**. Trátase de establecementos subvencionados, impulsados polo Estado (na Europa continental), ou de iniciativa privada (en Inglaterra), onde se elaboraban artigos de luxo para os grupos privilexiados. O proceso de produción era completamente manual pero a súa novidade consistía no feito de concentrar un número moi elevado de traballadores a soldo e baixo un mesmo teito. Neste sentido, as manufacturas constitúen un precedente das fábricas modernas.

1.2. UNHA SOCIEDADE ESTAMENTAL

A sociedade do A.R. estaba dividida en **estamentos**, que eran grupos pechados aos que se pertencía por nacemento (diferenciándose nisto do sistema de clases que se definen polo nivel de riqueza), nos que o ascenso resultaba moi difícil. A estratificación social realizábase en función da posesión de privilexios, segundo os cales os individuos dividíanse en dous grupos:

- Grupo dos privilexiados: nobreza e clero, que gozaban de dereitos e estaban exentos de pagar impostos.
- Os non privilexiados: xente do común ou tamén chamados terceiro estado, que non tiñan ningunha prerrogativa e tiñan que aguantar todas as cargas fiscais.

O primeiro dos grupos privilexiados, **o clero**, non era un grupo homoxéneo. O alto clero (abades, bispos, cóengos...) proviña da nobreza, e os seus membros dispoñían de tantos privilexios como calquera nobre. O baixo clero (sacerdotes, párrocos, monxes) era de orixe campesiña, levaba unha vida modesta sen

luxos e non gozaba de privilexios.

A **nobreza** era o segundo estamento privilexiado. Exercía a propiedade da meirande parte da terra e gozaba dunha serie de concesións honoríficas (o dereito a levar espada, o banco reservado na Igrexa, o monopolio de acceso aos altos cargos...), económicas (dereito de caza, exención de traballar nas obras públicas...) e fiscais (dispensa de pagar impostos e dereito a cobralos). Tampouco este grupo era homoxéneo, existindo enormes diferencias entre a rica e poderosa nobreza de Corte, a máis modesta nobreza de provincias e a nobreza de toga, que xurdiu da necesidade do monarca de vender os cargos públicos ou de recompensar favores.

Os non privilexiados, o **terceiro estado**, constituían un auténtico “caixón de xastre” porque no seu interior convivían burgueses (tiñan poder económico pero non político), as clases populares urbanas compostas por artesáns (mestres, oficiais e aprendices), obreiros, persoal doméstico e toda unha serie de pequenos oficios; e o campesiñado.

Dentro da burguesía hai que distinguir: burguesía rendista (a que vivía das rendas das súas propiedades ou capitais); a burguesía financeira (banqueiros e cobradores de impostos); a burguesía manufactureira ou industrial, a burguesía comercial e finalmente, a pequena burguesía, que abranguía artesáns, pequenos comerciantes e profesionais liberais.

1.3. UNHA MONARQUÍA ABSOLUTA

Foi a forma de goberno predominante en toda a Europa do A.R. e na que a autoridade real prevalecía por riba de todos os estamentos. Tratábase dunha **monarquía absoluta de dereito divino**, segundo a cal a autoridade do monarca proviña de Deus, en nome de quen exercía o poder e só era responsable ante el. O rei concentraba na súa persoa todos os poderes (lexislativo, executivo e xudicial) e a súa autoridade non tiña límites nin control.

O exemplo máis significativo de absolutismo foi a monarquía francesa dos Borbón, e sobre todo a de Luís XIV, coñecido como o “rei Sol”. O absolutismo chegou a España no ano 1700 da man de Filipe V.

Esta era a situación en Austria, Prusia, Suecia, España e Francia, acentuándose aínda máis estas características no caso dos dous imperios da Europa Oriental (o ruso e o turco); só en Gran Bretaña, onde a revolución de 1688 transferira parte do poder real a un Parlamento (monarquía parlamentaria), constituía a excepción nun continente formado por un conxunto de reinos sometidos a soberanos absolutos. O exemplo inglés converteuse nun modelo para moitos teóricos e as súas novas políticas foron recollidas polos pensadores da Ilustración.

II.- O PENSAMENTO ILUSTRADO

2.1. Ó SÉCULO DAS LUCES

As novas ideas da Ilustración difundidas no século XVIII, axudaron a socavar os fundamentos ideolóxicos do A.R., afirmaron a conciencia revolucionaria da

burguesía e marcáronlles o camiño ás revolucións liberais.

O século XVIII foi coñecido como o “século das luces”, e tamén chamado a “época da Ilustración” porque unha explicación racional do mundo viña iluminar as sombras herdadas da tradición ou da superstición. Algúns pensadores cuestionaban os dogmas relixiosos nos que se apoiaba o poder da Igrexa, e tamén o sistema político do absolutismo, a orde estamental e as ideas e crenzas tradicionais. É a época da razón, na que “todo o mundo” se pon a pensar racionalmente; desenvólvense as matemáticas, a física, a astronomía, e descóbrense as leis do funcionamento do universo que entraban en contradición total cos relatos bíblicos sobre a creación.

A Ilustración foi logo un movemento de carácter intelectual que se desenvolveu na Europa do século XVIII e cuxas ideas inspiraron a independencia de Estados Unidos e máis a Revolución Francesa. Os ilustrados, fundamentalmente franceses, propugnaron unha fe absoluta na razón como único medio para entender e explicar o mundo; crían que a natureza era unha fonte de xustiza e bondade e proclamaban que o ser humano nacía para ser feliz.

2.2. A DIFUSIÓN DAS “LUCES”

As ideas ilustradas circularon entre unhas elites reducidas, e a publicación máis efectiva foi a dos 35 volumes da *Enciclopedia* (1751-1776), dirixida por Diderot e D’Alembert. O seu obxectivo era publicar unha grande obra que reunise todos os coñecementos da época fundamentados na razón e no estudo da natureza. Tamén contribuíron á expansión destas ideas as numerosas tertulias de salón, as discusións nas academias científicas e humanísticas, e a aparición de xornais.

2.3. O PENSAMENTO POLÍTICO DA ILUSTRACIÓN

Os filósofos e pensadores ilustrados non elaboraron un pensamento político homoxéneo, nin foron capaces de remover os principios das monarquías absolutas da época; pero causaron un gran impacto as súas ideas sobre a sociedade e o Estado.

Estes ilustrados eran coñecidos en Francia como “os filósofos” e tiveron unha grande influencia en moitos sectores da intelectualidade e da política. Un antecesor destes pensadores foi o inglés **John Locke**, que viviu no século XVII e que xustificara a revolución inglesa de 1688 como unha restauración do “contrato social” que debía rexer as relacións entre gobernantes e gobernados. Locke definiu os principios básicos do liberalismo político:

1. A liberdade, que se reflectía na existencia duns dereitos que tiñan todas as persoas.
2. A igualdade ante a lei, polo que era contrario aos privilexios dos estamentos.
3. A propiedade como criterio de diferenciación social.

Na Ilustración francesa destacaron tres autores, os franceses Voltaire e o barón de Montesquieu, e o suízo J.J. Rousseau.

Voltaire foi o primeiro que difundiu en Francia as ideas de Locke. Nas súas *Cartas filosóficas* reivindicaba a liberdade política e a tolerancia relixiosa.

Montesquieu foi un nobre rico que se empeñou na empresa de establecer as leis xerais que explicasen o comportamento político das diversas sociedades. Na súa obra, *O espírito das leis*, desenvolveu o principio da **separación de poderes**, fundamental na teoría política liberal. Propuxo como modelo un sistema monárquico, controlado por unha constitución, e no que deberían estar separados os tres poderes: lexislativo (que elabora as leis e reside no Parlamento), executivo (que fai que se cumpran as leis e reside no goberno) e xudicial (que administra a xustiza e reside nos xuíces e tribunais). A súa doutrina inspirou a Constitución norteamericana de 1787 e a maioría das constitucións europeas do século XIX.

Rousseau foi máis radical, explicando na súa obra, *O contrato social*, o concepto de **soberanía nacional**. Para o seu autor, o poder corresponde á nación, é dicir, ao conxunto dos cidadáns. Pero os cidadáns establecen un pacto co Estado, que queda reflectido nun documento: a **Constitución**. Neste pacto os cidadáns permítenlle ao Estado exercer o poder no seu nome, e o poder, polo tanto, non é xa propiedade do rei, senón dos cidadáns, e o rei é un simple representante do poder da nación.

2.4. O PENSAMENTO ECONÓMICO DA ILUSTRACIÓN

Ata mediados do século XVIII, o modelo económico predominante entre as monarquías absolutas europeas foi o **mercantilismo**, tamén coñecido como colbertismo en referencia a Colbert, ministro do rei francés Luis XIV. Este sistema entendía que a riqueza dun país residía na cantidade de metais preciosos atesourados dentro das súas fronteiras. Para acumular metal era necesario fomentar as exportacións e reducir as importacións.

Foi na segunda metade da centuria cando se desenvolveron as dúas principais doutrinas económicas propias da Ilustración: A primeira delas foi a **fisiocracia**, doutrina sostida por distintos economistas franceses, dos que o máis coñecido foi **Quesnay**. Para esta teoría económica a riqueza dun país dependía da agricultura, pois a industria só transformaba os produtos agrícolas e o comercio intercambiábaos. Para que unha nación fose poderosa, era preciso lograr a plena produción agrícola. E para iso cumpría rematar coas terras que non se explotaban, como as *mans mortas* da Igrexa e algúns latifundios nobiliarios. Isto implicaba a **desamortización**. Os fisiócratas opúñanse a toda regulamentación por parte do Estado, apoiaban a liberdade económica e a iniciativa individual.

A segunda teoría ven constituída polo pensamento do británico **Adam Smith**, quen na súa obra principal, *A riqueza das nacións* (1776) estableceu os principios doutriniais da economía capitalista. A orixe da riqueza das nacións non está nin só na agricultura, nin só na posesión de metais preciosos, nin tampouco depende da intervención dos gobernos. A riqueza dunha nación

baséase na existencia de liberdade nas relacións comerciais e, sobre todo, na organización do traballo de forma especializada e complementaria. Gracias a iso, cada individuo produce, non o que necesita, senón o que demandan os demais. Para este autor a economía axústase automaticamente, por medio da libre competencia, no que el chamou a “man invisible do mercado”. Segundo isto, de producírense cousas que non se demandan ou se os produtos son máis caros do que se quere pagar por eles, non se venden; e se uns produtos son mellores ca outros, os consumidores cómpranos. Así, mediante a **lei da oferta e da demanda**, a economía organizaríase por si mesma, sen necesidade de que o Estado a controlase.

III.- O DESPOTISMO ILUSTRADO

Monarcas e gobernantes europeos acolleron favorablemente o “espírito das luces” e o utilizaron nos seus conflitos contra o poder da Igrexa e da nobreza. Estes dirixentes considerábanse uns “absolutistas ilustrados”, e en seguida se definiron como “déspotas ilustrados”, porque planeaban reformas que crían favorables para o pobo pero sen contar con el (“Todo para o pobo pero sen o pobo”). Algúns déspotas ilustrados foron: Federico II de Prusia, Catalina II de Rusia, Xosé II de Austria, Carlos III de España.

O **Despotismo Ilustrado** é un sistema político que nace da aplicación das ideas ilustradas por parte dos monarcas absolutos, e que se impuxo na maioría dos Estados europeos durante o século XVIII. ¿En que consiste?

- Os reis querían que a sociedade evolucionase pero que a monarquía dirixise o proceso, sen contar coa sociedade. Por iso se mantivo o absolutismo e continuou sen permitirse que o pobo participase no sistema político.
- Influídos pola Ilustración, os reis do século XVIII realizaron reformas no seus reinos para mellorar a vida da poboación: estenderon a educación, reformaron o trazado das cidades, melloraron o abastecemento de auga e alimentos, renovaron a rede de camiños e de portos...
- As críticas que a Ilustración lles fixo aos privilexiados resultaban útiles para acabar con algúns aspectos que aínda escapaban ao control real como eran a falta de contribución da nobreza e clero, a independencia da Igrexa ou os privilexios dos gremios.
- Algúns ministros tentaron levar a cabo políticas fisiocráticas pero fracasaron a causa da oposición dos privilexiados; isto evidenciaba que o despotismo ilustrado tivo unha capacidade limitada para transformar a sociedade, xa que as reformas chocaban cos privilexios da nobreza e do clero, e os reis non desexaban poñer en perigo a posición destes estamentos, que consideraban necesarios para manter a orde social.

IV.- AS REVOLUCIÓNS DO SÉCULO XVIII

Desde o último terzo do século XVIII produciuse un proceso de transformacións políticas que constitúe a orixe do mundo contemporáneo (considérase a Revolución Francesa como o remate da Idade Moderna e o comezo da Contemporánea). A Revolución americana e a Revolución Francesa son os

mellores exemplos de revolucións políticas que preludian o nacemento dunha nova época histórica: a Idade Contemporánea; e a construción dunha nova sociedade que pretendía estar constituída por persoas libres, iguais e fraternas. Cidadáns en vez de súbditos.

4.1. A REVOLUCIÓN AMERICANA: O NACEMENTO DOS ESTADOS UNIDOS

Na costa leste de Norteamérica había trece colonias propiedade da coroa británica, que tiñan unha sociedade composta por grandes e pequenos propietarios de terra, por traballadores urbanos libres, por comerciantes, e pola poboación escrava, que era máis numerosa nas colonias do sur (os escravos negros traballaban nas plantacións de tabaco, azucre e algodón). A cidade e o porto máis importante das trece colonias era **Filadelfia**.

A rebelión dos colonos tivo unha orixe fiscal e comercial. Gran Bretaña, agobiada pola débeda contraída ao termo da guerra dos Sete Anos (1756-1763), que enfrontara británicos e franceses, aumentou a presión tributaria sobre as colonias e esixiu o cumprimento das leis sobre os monopolios comerciais e impostos aduaneiros.

Os colonos protestaron e a súa insurrección foi tanto unha guerra de independencia como unha revolución. As **causas do conflito** atopábanse en que os colonos se sentían inxustamente tratados, xa que achegaban riqueza e impostos á metrópole e, sen embargo, estaban totalmente marxinados de todas as decisións que lles afectaban xa que non tiñan representación no Parlamento británico. Entón, non se sentían obrigados a aceptar as leis fiscais da metrópole.

Desde mediados do século XVIII, este malestar latente foi creando un clima de opinión, cada vez máis estendido, contrario á dependencia de Gran Bretaña. O detonante da rebelión, que se iniciou en 1733, foi a decisión británica de lle outorgar o monopolio da venda de té a unha compañía inglesa. Para amosar o seu desacordo, os colonos americanos de Boston, disfrazados de indios, botaron ao mar varios cargamentos de té dos barcos amarrados ao porto. Este grave incidente foi coñecido como o **motín do té**. (Boston tea party).

As medidas represivas do goberno británico desencadearon o conflito. Un Congreso Continental en Philadelphia de delegados das colonias redactou en outubro de 1774 unha Declaración de Dereitos e Agravios coas súas reivindicacións a Gran Bretaña. O Goberno non contestou así que os colonos, en 1775, organizaron un exército xeneralizándose os choques armados illados. O **12 de xuño de 1776** fíxose pública a **Declaración de Virginia** (Virginia Bill), de grande influencia posterior e considerada a primeira declaración histórica sobre dereitos humanos. O **4 de xullo de 1776**, representantes das trece colonias, reunidos en Filadelfia, redactaron a **Declaración de Independencia de Estados Unidos**, que expresaba o deber dos gobernantes de respectar os dereitos inalienables do pobo.

A guerra contra a metrópole foi longa e no decurso da mesma os colonos recibiron a axuda de Francia e de España, que eran as grandes rivais de Gran

Bretaña. En **1783**, Gran Bretaña recoñecía a **independencia dos Estados Unidos** mediante o **Tratado de Versalles**.

En 1787, os representantes das antigas colonias, “os pais fundadores”, reuníronse en Filadelfia como depositarios da soberanía nacional para debater o contido dunha **Constitución** común. Unha lei suprema que marcasse os límites do exercicio do poder político.

O texto constitucional aprobado establece a **república federal** como forma de Estado. Salvo defensa, moeda e política exterior, que son competencias exclusivas do Goberno Federal, os diferentes estados asumen todos os demais aspectos da xestión pública. O sistema político ordénase de acordo co principio ilustrado da **división de poderes**:

- Á fronte do **poder executivo** sitúase a figura do **presidente**. Este é elixido por sufraxio universal indirecto cada catro anos, con capacidade para nomear o Goberno e dirixir o exército. O primeiro presidente foi George Washington.
- O poder lexislativo descansa nun Congreso composto de dúas Cámaras, a Cámara de Representantes (elixidos en cada Estado de acordo coa súa poboación) e o Senado (dous delegados de cada Estado).
- O poder xudicial, independente das demais institucións do Estado, encabezado por un Tribunal Supremo.

A **Constitución, que entrou en vigor en 1787**, non solucionou as tensións e diferenzas entre os Estados do norte e os do sur nin abordou o problema da discriminación racial e a escravitude. Un problema que no século seguinte acabaría desencadeando o sanguento conflito civil coñecido como guerra de Secesión (1861-65). Pero a pesar das súas insuficiencias e limitacións, o texto constitucional, con algunhas emendas, demostrou a súa vixencia ata a actualidade.

A constitución dos Estados Unidos de América foi a primeira constitución liberal un exemplo exitoso que non pasaron por alto os revolucionarios europeos nin as outras colonias americanas.

4.2. A REVOLUCIÓN FRANCESA

A Revolución Francesa é un proceso diferente do americano, dado que o seu obxectivo era acabar co Antigo Réxime. A súa influencia no mundo foi tal, que se considera o comezo da época contemporánea.

Causas da Revolución

As orixes da revolución son unha combinación de factores políticos, económicos e sociais que tiñan que ver coa estrutura do Antigo Réxime: a organización estamental da sociedade marxinaaba a máis do 90% da poboación. O terceiro estado estaba descontento por ser o único grupo que pagaba impostos e que non podía, ademais, acceder aos principais postos políticos e militares, nin aos privilexios da nobreza e do clero.

E tamén se engadiron problemas e conflitos relacionados coa conxuntura do último cuarto do século XVIII: en 1789 o Estado francés atravesaba unha **profunda crise financeira**, motivada polos gastos derivados das continuas guerras, coma a que sostivera contra Gran Bretaña en favor da independencia das colonias norteamericanas. A ameaza da bancarrota era permanente. A situación agravouse ante unha serie de malas colleitas, que provocaron unha **aguda crise de subsistencias**.

A solución para saír da crise pasaba por unha **reforma fiscal** que obrigase aos estamentos privilexiados a pagar impostos. O rei Luís XVI, co fin de discutir esta medida, tivo que convocar en maio de 1789 os **Estados Xerais**, unha asemblea na que estaban representados os tres estamentos (foran convocados por última vez en 1614 e agora, o monarca volvía convocalos para o mes de maio de 1789).

A convocatoria dos Estados Xerais coincidiu cun período de grave crise económica. Ante a carestía de trigo, o seu prezo duplicouse e o do pan chegou a triplicarse. A carestía provocou tamén a redución do consumo e produtos artesanais, o que acentuou aínda máis a crise das manufacturas artesanais, derivada da competencia dos produtos ingleses. Moitos talleres e fábricas tiveron que pechar deixando aos seus traballadores no paro.

A escaseza de alimentos básicos e a suba dos prezos e o desemprego xeraron un descontento crecente nas clases populares, que quedou reflectido nos máis de 60.000 **cadernos de queixas** que os representantes do terceiro estado reuniron por todo o país para enviar as súas peticións ao rei. Os campesiños protestaban contra o pagamento dos décimos e os abusos dos dereitos feudais, os traballadores urbanos contra a escaseza, a carestía e a falta de traballo; mentres que a burguesía urbana queixábase da presión fiscal que soportaba.

O rei Luís XVI abriu os Estados Xerais o 5 de maio de 1789, no palacio de Versalles. O sistema de voto era por estamento, polo que o terceiro estado carecía da posibilidade de sacar adiante as súas propostas, e reclamaba o poder da maioría, é dicir, que cada persoa tivera un voto.

1789-1791: a Asemblea Nacional

O rei e os privilexiados negáronse a tal pretensión e as sesións dos Estados Xerais suspendéronse. Os representantes do terceiro estado, en claro desafío a Luís XVI, reuníronse o 20 de xuño nun pavillón de París, o chamado do “Xogo da Pelota”, e xuraron non separarse ata dar a Francia unha Constitución que garantise os seus dereitos. Coa adhesión dunha minoría do clero e da nobreza, declararon a apertura dunha **Asemblea Nacional Constituínte**.

A actitude receosa do rei e os movementos de tropas espertaron o temor a unha intervención do exército. A chegada duns 20.000 soldados a París alimentou a idea dunha intervención militar para rematar coa Asemblea. Os deputados chamaron á mobilización, que culminou o **14 de xullo de 1789 coa**

asalto á prisión da Bastilla, símbolo do poder absoluto.

A revolución estendeuse a partir de entón ás cidades e aldeas francesas. Os revolucionarios formaron corpos armados de defensa, a chamada **Garda Nacional**. Estas accións consagran a irrupción das masas no proceso revolucionario e supoñían unha ruptura co absolutismo.

En agosto, a Asemblea aprobou a abolición do feudalismo, que eliminaba os privilexios da nobreza e do clero, e tamén a **Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán**, o texto máis simbólico da revolución. Pero a obra fundamental da Asemblea Nacional foi a elaboración da **Constitución de 1791**, que foi o primeiro texto desta natureza promulgado en Europa. Francia convertíase nunha monarquía constitucional rexida polos principios da soberanía nacional e a división de poderes.

A residencia do monarca trasladárase de Versalles, símbolo do absolutismo, ao palacio das Tullerías, en París. E de alí fuxiu disfrazada a familia real o 20 de xuño de 1791, sendo descubertos ao día seguinte en Varennes e conducidos de volta a París. Antes de partir, o rei deixara un escrito revogando todas as medidas da Asemblea ás que dera o seu asentimento. En outubro de 1791, despois da disolución da Asemblea Nacional e a convocatoria de eleccións xerais, os novos deputados electos crearon a **Asemblea Lexislativa**, cunha clara división entre os que pretendían deter a revolución e os que esixían cambios máis radicais.

Entre os revolucionarios, os máis moderados eran os xirondinos, e os máis radicais, os xacobinos, que reclamaban o sufraxio universal e a desaparición da monarquía.

En abril de 1792, a revolución radicalizouse e Francia entrou en **guerra coas potencias europeas** (Austria e Prusia). Ante o temor dun golpe contrarrevolucionario, o 10 de agosto as masas populares, que acusaban ao rei de complicidade cos invasores, **asaltaron o palacio das Tullerías**. Entre a multitude destacaban os **sans-culottes**, traballadores urbanos que vestían pantalón longo en vez do culotte típico dos acomodados. Comezou a facerse popular A Marsellesa, canción que cantaban os voluntarios marseleses que chegaban a París a defender a revolución.

1792-1795: a Convención

En setembro, despois dunhas eleccións celebradas por sufraxio universal masculino, creouse un novo parlamento, a **Convención**, que **aboliu a monarquía e proclamou a República**. Esta nova asemblea estaba formada por grupos con intereses políticos diferentes. Os principais eran os **xirondinos**, partidarios dunha monarquía constitucional, do sufraxio censatario e de reformas moderadas, e os **xacobinos**, republicanos radicais liderados por Robespierre, Danton e Marat. Ambos enfrontáronse polo proceso seguido ao rei. Ao final, a presión dos xacobinos conseguiu que o monarca foxe xulgado e condenado a morte por colaboración co inimigo. En xaneiro de 1793, **Luis XVI foi guillotinado**. A súa execución pública conmocionou as monarquías

européas que formaron unha coalición internacional formada por Austria, Prusia, Gran Bretaña, Holanda e España. A Convención decretou a “leva en masa” enfrontándose con éxito aos exércitos europeos que representaban o Antigo Réxime.

Na primavera de 1793, as levas e a carestía das subsistencias provocaron protestas e revoltas campesiñas, como a sublevación contrarrevolucionaria da Vendée, onde se chegou a crear un exército a favor da monarquía. En xullo chegou ao poder Robespierre tras conseguiren os xacobinos desprazar do Goberno aos xirondinos. Empezaba a época da **Convención xacobina**, o período máis exaltado da revolución.

Proclamouse unha **nova Constitución** cun carácter moito máis democrático ca anterior, baseada na soberanía popular e o sufraxio universal. Os xacobinos estableceron un novo calendario republicano, promoveron a educación primaria gratuíta, suprimiron o culto relixioso e crearon festas laicas dedicadas á Razón. Tamén procuraron atender algunhas das demandas das clases populares máis radicais ditando toda unha serie de reformas sociais que afectaban á propiedade da terra, aos salarios mínimos, etc.

Robespierre, á fronte do Comité de Salvación Nacional, decretou unha serie de medidas excepcionais que pretendían eliminar aos inimigos da revolución. Era o “despotismo da liberdade”, unha sanguenta política represiva coñecida como **o Terror**. Ás detencións, procesamentos masivos e xuízos sumarísimos sucedéronlles miles de execucións (unhas 40.000 persoas) de todos aqueles considerados “inimigos do pobo”.

1795-1799: o Directorio

O 27 de xuño de 1794 (9 de termidor do ano II) produciuse o que se coñece como reacción termidoriana. A burguesía moderada, co apoio do exército, puxo fin á experiencia da república igualitaria e xacobina. Robespierre e os seus principais partidarios foron detidos e remataron na guillotina.

Nesta fase a revolución recuperou o seu carácter moderado e burgués, afastándose do radicalismo dos sans-culottes que dominaran a etapa anterior. Promulgouse a **Constitución do ano III** (1795), que recortou as conquistas sociais dos xacobinos e eliminou o poder da Convención ao crear dúas Cámaras lexislativas. O poder executivo confiouse a un **Directorio** de cinco membros dotados de amplos poderes.

O Directorio foi a última etapa da revolución e estivo marcada claramente por un **xiro conservador** apoiado pola burguesía propietaria. Os seus dirixentes tiveron que facer fronte a conspiracións (a “conxura dos iguais”, de Babeuf) e protestas tanto de realistas como de radicais. Os éxitos militares no exterior fixeron que o exército cobrase protagonismo político e se convertese na principal garantía da conservación da orde social. No medio dun clima de inestabilidade política, foi crescendo a idea da necesidade dun “goberno forte”. Un dos xenerais máis destacados, **Napoleón Bonaparte**, foi o protagonista do **golpe de Estado**, o 18 brumario (9 de novembro de 1799), que de por

rematado o proceso revolucionario.

V.- O IMPERIO NAPOLEÓNICO

A **política interior** de Napoleón encamiñouse a consolidar a maioría das conquistas da revolución, pero evitando o retorno da monarquía e o poder dos radicais.

Promulgou o Código de 1804, que foi o código civil por excelencia da Europa do século XIX, regularizou as relacións coa Igrexa mediante a firma dun Concordato coa Santa Sé en 1801, polo que o culto católico volveu ter o recoñecemento e o apoio do Estado; e ideou un sistema educativo centralizado, desde a escola primaria ata a Universidade. Tamén levou a cabo a centralización administrativa, sentando as bases do Estado francés contemporáneo.

Napoleón e Europa

Napoleón emprendeu unha política de conquistas que o levou a dominar Europa dende o río Elba ata a Península Ibérica. Pretendía crear un Imperio co centro en Francia e implantar as institucións revolucionarias nos territorios ocupados, crebando así os réximes absolutistas.

A súa condición de invasor, o uso da forza e a explotación económica dos territorios conquistados xeraron fortes resistencias, non só do absolutismo senón tamén dos liberais que opoñían un **sentimento nacionalista** aos ocupantes.

A etapa napoleónica pode ser entendida como o esforzo por estender os ideais de liberdade e progreso a todos os países de Europa. Pero a este proxecto opúñanse os intereses nacionais, os defensores do Antigo Réxime e a heteroxeneidade das identidades culturais dos pobos de Europa. Co seu sistema garantíase a fin do feudalismo, o libre exercicio das actividades económicas, a libre circulación de bens, e o pleno dereito á propiedade privada. Pero atopou máis dificultades alí onde as estruturas do Antigo Réxime eran máis consistentes. Este foi o caso de España e de Rusia, países nos que a súa ocupación esixiu un maior esforzo militar. Foi nestes países onde comezou a xestarse a caída de Napoleón. Na península Ibérica, as tropas francesas sucumbiron fronte ao exército inglés e á loita dunha parte do pobo español en forma de guerrillas. En Rusia, a desastrosa invasión que Napoleón ordenou en 1812 rematou cunha retirada en pleno inverno, que se converteu nunha catástrofe. Dos 600.000 soldados da Grande Armée só 100.000 puideron regresar ilesos.

A partir de 1813, o xenio militar de Napoleón foi vencido en varias fronte e este obrigado a abdicar, sendo deportado á illa de Elba. O seu fugaz regreso ao poder, en marzo de 1815, o chamado imperio dos Cen Días, rematou coa derrota sufrida en **Waterloo** fronte a un exército internacional formado por tropas inglesas, prusianas, austríacas e rusas. Napoleón foi desterrado á illa de Santa Helena, onde morreu en 1821.